



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1209/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

Con data 27/04/2022, D. [REDACTED] en nome e representación da sección sindical da CUT-BOMBEIROS de Vigo e D. [REDACTED] e D. [REDACTED] actuando en nome propio solicita, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro acceso á información pública (W687719-7376 e W687722-4064) relativa a datos das partidas de ingresos e gastos de UNESPA co seguinte alcance:

- Inversión total que supuxo a ampliación do servizo de extinción de incendios e en que consistiu tal ampliación.
- A canto ascendeu o orzamento e modo de abonarlo polas aseguradoras.
- Cal foi a porcentaxe das cantidades ingresadas, ao longo das últimas cinco anualidades, en concepto de contribucións especiais pola ampliación do servizo de extinción destinado polo Concello de Vigo a investimentos reais do servizo e canto a gastos ordinarios de funcionamento do servizo.
- Cal foi a porcentaxe das cantidades ingresadas, ao longo das últimas cinco anualidades, en concepto de contribucións especiais pola ampliación do servizo de extinción destinado polo Concello de Vigo a gastos ordinarios do propio Concello.
- Importe dos remanentes de crédito das cantidades ingresadas en concepto de contribucións especiais pola ampliación do servizo de extinción que foron incorporados polo Concello de Vigo aos distintos orzamentos, nos derradeiros cinco anos, e que non foron investidos a investimentos reais do servizo.
- Que o importe do recadado en concepto de contribucións especiais pola ampliación do servizo de extinción de incendios destínese polo Concello de Vigo na súa integridade as inversións reais do servizo, sin que caiba destinalo a gastos ordinarios do propio Concello de Vigo.
- Que se declare que os ingresos por ampliación do servizo deben ter a súa aplicación a investimentos.

Con data 05/05/2022 o tesoureiro e director superior contable e orzamentario emite informe ao respecto da información solicitada.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)

Copia do documento - Concello de Vigo 1209-1102	Data impresión: 03/03/2023 09:07	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Formúlase solicitude de acceso á información pública por ██████████ ██████████ en nome e representación da sección sindical da CUT-BOMBEIROS de Vigo e ██████████ e ██████████ ██████████ actuando en nome propio ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

A Lei 19/2013, polo que respecta ao acceso á información pública, constitúese como a normativa básica transversal que regula esta materia e crea un marco xurídico que complementa ao resto das normas. As previsións desta norma tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletorias, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da Lei 19/2013, do 9 de decembro («Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta Lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información») (SSTS de data 11.06.2020).

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:07	Páxina 2 de 4
1209-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada cabe sinalar que en aplicación do artigo 8 da LTAIBG as entidades locais deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria e, entre outros os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas.

Neste senso o Concello de Vigo ten a disposición das persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas, toda a información económica, orzamentaria e estatística no seu portal de transparencia, <https://transparencia.vigo.org/?lang=es> , ou directamente na web municipal <https://hoxe.vigo.org/oconcello/orzamentos.php?lang=gal#/> .

Así mesmo no expediente consta informe con data 05/05/2022, do tesoureiro e director superior contable e orzamentario do Concello de Vigo en resposta ao solicitado. Así mesmo conforme co dito informe cabe sinalar que este tipo de solicitudes relacionado co obxecto concreto, xa foi obxecto de contestación en outras ocasións, nalgún caso, co mesmo contido e concretamente documento: 210031102, a petición conxunta da Sección Sindical de CIG, CC.OO e da CUT.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por D. [REDACTED] en nome e representación da sección sindical da CUT-BOMBEIROS de Vigo e D. [REDACTED] e D. [REDACTED] actuando en nome propio e facilitar o informe emitido con data 05/05/2022 polo tesoureiro e director superior contable e orzamentario

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:07	Páxina 3 de 4
1209-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

rs.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:07	Páxina 4 de 4
1209-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		